

A CIG-Ensino denuncia que as avaliacións de diagnóstico supoñen unha nova sobrecarga laboral e burocrática para o profesorado

O sindicato critica as avaliacións externas estandarizadas que non se adaptan ao contexto do alumnado, nin se materializan en medidas que melloren a calidade do ensino público.



A Resolución do 13 de marzo de 2026, pola que se regulan as probas deste curso en Galiza, establece que será o propio profesorado quen asuma tanto a aplicación como a corrección das probas. Todo isto sen redución do horario lectivo nin dotación de recursos adicionais, o que supón unha sobrecarga de traballo evidente.

Resulta especialmente grave que esta carga extra se pretenda compensar unicamente co recoñecemento de 20 horas de formación. Desde a CIG-Ensino consideramos que esta medida é totalmente insuficiente e inapropiada, xa que desvirtúa o propio concepto de formación permanente do profesorado.

A experiencia de cursos anteriores tamén puxo de manifesto **problemas organizativos relevantes, desaxustes curriculares, escasa adaptación á diversidade do alumnado e a coincidencia con períodos de elevada carga de traballo docente**, especialmente para o profesorado de Secundaria e Bacharelato, como trasladou a CIG-Ensino na mesa sectorial na que se negociou a Orde que regula o calendario escolar deste curso, na que se recollen as datas nas que se ten que realizar ditas probas.

«Mentres que a maioría do profesorado ten a sensación de que estas probas supón cando menos unha «semana perdida» a nivel académico, a interpretación e uso que fai a Consellaría dos resultados é bastante pernicioso»

Estas probas veñen desenvolvéndose desde o curso 2023/2024 e son de carácter obrigatorio para comprobar o «grao de dominio da competencia lingüística nas linguas cooficiais e matemática». Porén, a Consellaría de Educación sempre incorporou unha proba de inglés tanto en primaria como en secundaria e incluíu a maiores Ciencias Naturais e Ciencias Sociais en 4º de Primaria e Xeografía e Historia, Física e Química e Bioloxía e Xeoloxía en 2º da ESO, de aí que a duración das mesmas pasase de tres días a unha semana. Este curso serán do 13 ao 17 de abril en secundaria e do 20 ao 24 en primaria.

A LOMLOE establece no artigo 144 que os equipos directivos e o profesorado colaborarán coas administracións educativas nas avaliacións de diagnóstico que se desenvolvan nos centros e que estas deben ter un carácter «informativo, formativo e orientador», encamiñadas a «adoptar medidas de mellora da calidade e a equidade da educación e orienten a práctica docente». Fronte a isto o que se evidencia despois destes anos é que **os resultados obtidos non derivan nun incremento de recursos estable para a atención á diversidade, ben sexa mediante a dotación de especialistas de PT, AL e persoal de Orientación, ben sexa coa autorización de reforzos e desdobres, ben a través dunha redución de ratios nestas etapas. Todo o contrario. a súa realización supón un incremento da carga lectiva e burocrática para**

o profesorado que ve alterada considerablemente a súa programación académica, non só durante a semana que duran as probas senón durante todo o curso, véndose obrigado a adiantar a impartición de determinados contidos curriculares ou a «desantender» outros cursos e etapas para participar na vixilancia e corrección destas probas.

Mentres que a maioría do profesorado ten a sensación de que estas probas supón cando menos unha «semana perdida» a nivel académico, a interpretación e uso que fai a Consellaría dos resultados é bastante pernicioso, por exemplo ao incluír como requisito para optar a programas como o PROA+ a acreditación da participación dun mínimo do 40% do alumnado nestas probas ou a comparación das puntuacións medias obtidas polos centros co seu grupo de referencia, malia que precisamente a elaboración dun «ranking» de centros foi un dos elementos máis contestados da LOMCE e levados ao xulgado pola CIG-Ensino, de aí que se eliminara na LOMLOE. en calquera caso, para o sindicato, nin a participación nestas probas que teoricamente é opcional para o alumnado,



aínda que na práctica é case inviable que non acudan aos centros durante unha semana, nin os resultados obtidos deben ser tidos en conta como requisito para a obtención de docentes de reforzo, senón que teñen que ser os informes dos EOE e dos departamentos de Orientación os que determinen a necesidade destes apoios.

Neste sentido a CIG-EnsinO leva tempo denunciando que medidas como os PROA+ son parciais e insuficientes. **Sen abordar a falta de recursos estruturais, a redución de ratios e a insuficiente dotación de persoal, este tipo de iniciativas funcionan, na práctica, como meros parches tendo en conta ademais que a maioría son contratos a media xornada.**

O sindicato reitera a súa oposición ás avaliacións externas estandarizadas, que non teñen unha utilidade pedagóxica real, nin se traducen en medidas concretas de apoio ao alumnado e exige á Consellaría de Educación a recuperación do horario lectivo das 21 e 18 horas para que sexa viábel asumir este traballo adicional ademais de revisar un modelo de avaliación imposto sen consenso coa comunidade educativa. Mentres, para este curso e sendo conscientes do axustados que están os cadros de persoal nos que non hai profesorado suficiente para facer gardas propón que se artelle liberación de horario lectivo para o profesorado implicado na realización e corrección destas probas.

«Estas probas non responden a unha avaliación do sistema educativo senón de meros coñecementos, homoxéneos, e cuxos resultados non supoñen unha utilidade real e positiva no día a día das aulas polo que cómpre a súa revisión normativa»

A propia Consellaría, nas súas comunicacións, gábase de imitar modelos como PISA, TIMSS e PIRLS e de que licitou para dúas anualidades a contratación da plataforma informática para a realización das probas por 287.545 euros. Este modelo, que pretende ser integramente dixital, tamén está sendo posto en dúbida polo profesorado de primaria dado que en 4º o alumnado aínda non está familiarizado con este tipo de aplicacións e reduce considerabelmente a capacidade de análise



e resposta ante as probas propostas. Coma sempre, a administración prefere investir en tecnoloxía que en persoal, dado que o contido das mesmas vai seguir sendo elaborado polo Servizo de Avaliación do Sistema Educativo e a execución, vixilancia e corrección polo profesorado dos propios centros.

Para a CIG-EnsinO estas probas non responden a unha avaliación do sistema educativo senón de meros coñecementos, homoxéneos, e cuxos resultados non supoñen unha utilidade real e positiva no día a día das aulas polo que cómpre a súa revisión normativa. É por isto que continuará defendendo un ensino público galego de calidade, con condicións laborais dignas para o profesorado e medidas que respondan verdadeiramente ás necesidades do alumnado. É primordial ter en conta a opinión de quen está nas aulas día a día e da súa representación laboral para o deseño e realización deste tipo de probas, polo que tamén para rexeitar esta falta de consideración cara o profesorado o sindicato chama a participar masivamente na folga xeral docente convocada o día 28 de abril.

A CIG-Ensino reclama a liberación horaria do profesorado responsábel das avaliacións de diagnóstico

A CIG-Ensino xa advertira que iniciar as avaliacións de diagnóstico sen instrucións claras, sen información suficiente e sen garantías sobre a súa aplicación podía derivar nun auténtico caos organizativo.

E os primeiros días en Secundaria non fixeron máis que confirmalo. As queixas que trasladan desde os propios centros de ensino falan de probas anuladas por problemas técnicos, bloqueos na páxina web na que se realizan, falta de cadernos para as probas de lingua e caída da propia plataforma.

Un novo exemplo da improvisación da Consellaría, a costa dos centros, do profesorado e do alumnado.

A CIG-Ensino considera inaceptábel que se leven a cabo unhas avaliacións destas características nestas condicións. Non se pode trasladar aos centros unha nova carga burocrática e organizativa sen instrucións claras, sen medios garantidos e sen tempo suficiente para planificar nada.

Ao mesmo tempo, esixe que o profesorado que teña que responsabilizarse destas probas teña liberación horaria e sexa substituído por profesorado procedente das listaxes

de substitución. De non ser así, non só este profesorado se verá sobrecargado de traballo, senón que a situación repercutirá no funcionamento dos centros educativos e no horario do resto de docentes que xa de por si padecen uns horarios abusivos, tal como vimos denunciando desde o sindicato.

«Non se pode trasladar aos centros unha nova carga burocrática e organizativa sen instrucións claras, sen medios garantidos e sen tempo suficiente para planificar nada»



RECTIFICAR
RECUPERAR
RECOÑECER

A CONSELLARÍA DEBE RECTIFICAR
O PROFESORADO MERECE RECUPERAR
A CONSELLARÍA DEBE RECOÑECER



CIG
Confederación Intersindical Galega
ENSINO

Folga Xeral!
28 de abril
Manifestación Nacional ás 12 horas desde a Alameda

#ProfesoradoEnLoita

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 a Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 a Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal